

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC NAVANTIA (CÓDIGO IN853C2022/01)			
Título: O ESTALEIRO DO FUTURO			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: TRAZABILIDADE			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 20 DE XULLO DE 2022 FIN: 30 DE SETEMBRO DE 2025			
CENTRO Inv. Principal: FACULDADE DE INFORMÁTICA DA CORUÑA			
OBJECTO DO CONTRATO: VER MEMORIA DE CONVOCATORIA ANEXA			
Colaborar nas tarefas do proxecto de investigación indicado			
LUGAR E HORARIO: INSTALACIÓNS CEMI UDC – NAVANTIA CITIC, de luns a venres de 9:00 – 14:00 / 16:00 – 18:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 1 DE DECEMBRO DE 2024
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓNS BRUTAS : 2.100,00€ / mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05C2 541A 6490206			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: VER MEMORIA DA CONVOCATORIA ANEXA
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa, que deben terse cumpridos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC ou calquera dos rexistros xerais da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN: TITULARES: Pablo Fariñas Alvariño (CO-IP UDC/Secretario), Tiago Manuel Fernández Caramés (CO-IP UDC/Presidente), Paula Fraga Lamas (Co-coordinadora UDC). SUPLENTEs: Jerónimo Puertas Agudo (Vicerreitor de Investigación, e Transferencia), Susana Ladra González (Adxunta a Transferencia), Luís Castedo Ribas (Investigador UDC).

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
- Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	01/10/2024 10:41:42
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos

A Coruña, 1 de outubro de 2024
O CO-INVESTIGADOR PRINCIPAL
Asdo.: Tiago Manuel Fernández Caramés

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	01/10/2024 10:41:42
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O presente contrato convócase ó amparo do proxecto Centro Mixto de Investigación “O estaleiro do futuro” (en adiante CEMI) no que participan a Universidade da Coruña e a empresa Navantia.

O obxecto do presente contrato é a colaboración nas actividades de investigación que se leven a cabo dentro do CEMI.

Descríbense a continuación os requisitos a cumprir pola persoa contratada.

REQUISITOS XERAIS

1.- No momento da contratación, o solicitante non poderá ter relación laboral coa UDC e será necesario, ademais, non tela tido con Navantia nos seis meses previos á sinatura do contrato.

2.- Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

a) Ter nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración pública.

b) Dispor da titulación requirida e cumprir o resto de requisitos indicados na convocatoria.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a capacidade funcional necesaria para desenvolver as correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria

e) Non ter sido separada a persoa solicitante mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, en que a dita persoa fora separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que a persoa solicitante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, nin que fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

3.- A contratación de persoas estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará para os únicos efectos de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento de asinar o contrato, do permiso de residencia e da autorización de traballo por conta allea ou da acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

TITULACIÓN REQUERIDA

Titulación de Enxeñería, Licenciatura, Grao ou equivalente.

TAREFAS A REALIZAR E OBXECTO DO CONTRATO

As principais tarefas da persoa contratada serán de apoio e colaboración, estando relacionadas coa área das tecnoloxías TIC no campo da identificación e trazabilidade no sector da construción naval:

(1) Desenvolvemento dun sistema de paletizado intelixente que permita ofrecer funcionalidades avanzadas de trazabilidade, monitorización e automatización.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- (2) Análise, deseño e implementación de prototipos con tecnoloxías de identificación e técnicas/símbolos de marcado para o Almacén Xeral e a Fábrica de Bloques.
- (3) Integración cos pilotos desenvolvidos cos sistemas de información de Navantia (e.g., ecosistema conectado en nube privada, xemello dixital).
- (4) Probas de campo no estaleiro, probas de validación e rendemento do sistema.

DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será indefinido, conforme á lexislación aplicable. Advírtese que o contexto da presente convocatoria está vinculado ó proxecto CEMI, cuxa finalización está prevista para fin de setembro de 2025.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Valorarase positivamente ter cursado un máster en enxeñaría informática ou telecomunicacións relacionado co campo da Ciberseguridade.

Igualmente, valorarase positivamente a experiencia previa e a formación específica (cursos, seminarios, etc) en:

- Sistemas de trazabilidade para contornas críticas.
- Sistemas de trazabilidade baseados na Internet das Cousas.
- Desenvolvemento de sistemas basados en Tecnoloxías de Rexistro Distribuído para contornos críticos.

Os méritos alegados polos participantes deberanse acreditar documentalmente e cumprirse ao final do prazo de presentación de solicitudes.

Só se valorarán os méritos relacionados co perfil da praza.

A praza quedará deserta se ningún candidato alcanza un mínimo de 40 puntos conforme ao seguinte baremo, e só as persoas que superen ese mínimo poderán figurar na eventual lista de agarda.

En concreto, aplicarase o seguinte baremo:

- Titulación requirida. Avaliase a nota media da titulación requirida para optar á praza, ata 5 puntos:

Nota media expediente académico: 10 ---- 5 puntos
Nota media expediente académico: 9 ---- 4 puntos
Nota media expediente académico: 8 ---- 3 puntos
Nota media expediente académico: 7 ---- 2 puntos
Nota media expediente académico: 6 ---- 1 punto

Se a titulación achegada pertence ao ámbito da Enxeñaría Informática, valorarase integramente. Se pertence a calquera outro ámbito, valorarase co 5% da cualificación obtida conforme á súa nota media.

- Formación específica adicional relacionada co perfil concreto ao que se presenta, ata 30 puntos.
 - Másters e cursos relacionados coa Ciberseguridade: 1 punto por cada 100 horas, ata 20 puntos.
 - Traballo de Fin de Mestrado relacionado co perfil da praza, ata 10 puntos:

Nota do Traballo de Fin de Máster: 10 ---- 5 puntos
Nota do Traballo de Fin de Máster: 9 ---- 4 puntos
Nota do Traballo de Fin de Máster: 8 ---- 3 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Nota do Traballo de Fin de Máster: 7 ---- 2 puntos

Nota do Traballo de Fin de Máster: 6 ---- 1 punto

- Experiencia específica (e.g., postos previos, proxectos I+D, etc.) relacionada co perfil concreto ao que se presenta: 20 puntos.
 - Experiencia previa en unidades mixtas de investigación formadas por empresas e organismos de investigación: 1 punto por mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
 - Experiencia en postos previos relacionados co obxecto do contrato: 1 punto por mes traballado ata 5 puntos.
 - Experiencia previa no desenvolvemento de proxectos de I+D no eido do obxecto do contrato: 1 punto por mes traballado, ata 10 puntos.
- Experiencia en publicacións científicas e produción investigadora relacionada co obxecto do contrato ata 20 puntos.
 - Só se valorarán os artigos relacionados co tema obxecto da praza que contén un número de citas significativo no ámbito TIC segundo a WoS, Scopus ou Google Scholar (e.g., no ámbito TIC, que conte con máis de 50 citas nas ditas fontes). A ponderación das publicacións para os ditos artigos de alto impacto dependerá do seu cuartil JCR: 5 puntos por artigo Q1, 4 por Q2, 3 por Q3 e 2 por Q4.
- Entrevista persoal: valorarase a adecuación do currículo vitae ao posto de traballo. Ata 25 puntos. Entrevistarase ás persoas candidatas con maior puntuación nos ítems anteriores que obteñan polo menos 40 puntos (unicamente os tres primeiros candidatos). A non presentación á entrevista é causa de exclusión da persoa candidata convocada. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, polo menos, 48 horas de antelación.

Cando a valoración dos aspirantes, de acordo cos criterios anteriores, supoña que dous ou máis aspirantes obteñan a mesma puntuación, o empate desfarase por antigüidade dos méritos achegados. Para estes efectos, os méritos achegados polos aspirantes serán ordenados por orde cronolóxica, dando prioridade aos méritos máis antigos. En primeiro lugar, e unicamente para efectos deste desempate, asignarase un punto a cada un dos méritos achegados por cada aspirante. Porén, para cada un dos puntos de méritos sinalados na convocatoria, os méritos achegados no último lugar cronolóxicamente (i.e., os méritos máis recentes), serán avaliados con cero.

A Coruña, 1 de outubro de 2024

O CO-INVESTIGADOR PRINCIPAL

Tiago M. Fernández Caramés

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
- Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0EnvMX0s0tFD9BMwjTenLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

